Ourense 18-Natal-1969 Sr. Dr. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido e lembrado mestre e amigo:

Unha aperta dende iste recanto do vello Ourense no que semella teren pousado as preguizas summulistas do meu abó glosador olmo e sempre apoiado nunha sentenza dos "prudentium" do direito romano nos roleiros da Novísima Recopilación e as cinzas do cigarro escéptico do meu pai creente desesperado na "forza vidal", médico de docuras caseiras vexetaes dos paisanos. Eiquí, as veces, pénsome representare os tempos vellos. O silencio é máis peneirado do que en Trasalba. Penso nos amigos e pra todos desexo un latexar xeneroso das grandes estrelas do xaneiro que sempre semellan novamente creadas por deus e celebradas cas verbas de sorpresa dun novo Génesis. Fái un mes, en Madride, tiven a alegria de atopar amigos vellos como Lois Pena Novo, co mesmo sorrir de mociño das Irmandás de Fala. E direito e consentido na vila natal como nos dias das Irmandás de Fala. Falando xogamos como aves Prieto Villabrille e Romero Cerdeiriña. E os libros vellos do das montanas sobre inormes abismos de tempo. E os libros vellos da "Cuarta macedónica" pasaxe da Montero como cando eu estudabe a "Cuarta macedónica" con Calvo Madroño e o acento de Madride presumindo de trascendencia nas cousas míudas. O meu millor intre foi a conferencia que din en galego sobre Ramón Cabanillas ós mociños estudantes no Colexio de San Paulo, na cidade universitaria.

Desexa pra Vde e sua dona - b.s.p. - e xentiles rapazas us dias

1176

e Nadal e Aninovo ben ditosos e calmos nisa luz maina e potente, sempre en promesa de lugo. Xa ben logo voltaremos a Trasalba e ós traballos das decotas e as hortas. Non hai como o recente das carballeiras decotadas de novo. As veces coido ser, despois do trato cos amigos, o millor pra un vello quentarse a un lume de follas murchas no amparo dos penedos do Vetral onde os camiños chegan ca ilusión de botar un cigarro e unha parola.

Sempre vello amigo e almiradoor, que agarda como unha carballeira de xaneiro abril o seu II volume de "Hisric", con apertas

Ramón Otero Pedrayo